




Área / Unidad DIRECCIÓN DE ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN DE INTERIOR AD0000 MBLG	Documento AD016I00LU	
Código de verificación  5X6H 1L3H 5A0H 405E 1AGY	Expediente AD0/2022/61	
	Fecha 25-05-2022	

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PLAN DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2022

En base ás previsións efectuadas polas distintas direccións de área e servizos municipais, e segundo o informe proposta asinado pola técnica de Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, co conforme do director da área (CSV: 1Q4R4112141I0D5L0XTN), relativo á obriga que sinala o artigo 28.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, co obxectivo de aprobar e dar a coñecer o Plan de Contratación do Concello da Coruña para o exercicio 2022, adóptase a presente

RESOLUCIÓN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO ECONÓMICO ACTUAL

O artigo 28.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE 9.11.2017) –en adiante LCSP– obriga a programar “a actividade contractual que as entidades do sector público desenvolverán no exercicio orzamentario ou en períodos plurianuais”.

Así mesmo, indica que “poderán dar a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente, mediante un anuncio de información previa (artigo 134) no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante, para os contratos suxeitos á regulación harmonizada”, sendo potestativo este anuncio para os demais casos.

No mesmo sentido, a Instrución de Contratación 2/2019 (Acordo da Xunta de Goberno Local do 6.11.2019) obriga no seu apartado g) a “programar a actividade contractual de forma que se apliquen técnicas de agregación na provisión externa de bens e servizos ao concello, se diminúan os custes de funcionamento, se aplique efectivamente a contratación pública estratéxica e se consiga unha maior eficacia na calidade da actividade contractual”.

De acordo con estes mandatos, elaborouse o III Plan de Contratación do Concello que figura no Anexo que se achega.

O Plan recolle as previsións contractuais remitidas polos distintos servizos municipais, de acordo coa información solicitada polo concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior o pasado mes de abril.

Cómpre lembrar que a Instrución 2/2019 ordena no seu punto 9, relativo á programación e iniciación dos procedementos contractuais para evitar prestacións sen contrato, o seguinte:

“A) Os centros xestores, xefaturas de servizo, responsables de contratación deberán incoar a tramitación de prestacións contractuais con contrato vixente pero próximo a finalizar, cunha



antelación mínima de dez meses, agás aqueles contratos de especial complexidade técnica, nos que o devandito prazo se amplía a quince meses.

b) O Servizo de Contratación deberá publicar o anuncio de licitación no diario ou na plataforma nos que proceda, cunha antelación mínima de catro meses á data prevista de finalización do contrato vixente.

O cumprimento destes prazos permitirá invocar a aplicación do artigo 29.4 da LCSP se xorden incidencias na licitación/adxudicación imprevisibles ao órgano de contratación. O prazo de dez meses poderá reducirse á metade naquelas contratacións susceptibles de tramitación por procedemento abreviado simplificado. Neste procedemento o anuncio de licitación deberá publicarse con tres meses de antelación ao vencemento do contrato vixente, no caso de existir”.

Así, e atendendo á obriga que se deriva tanto da LCSP como da referida instrución municipal, o Plan adquire o seu maior significado como expresión do principio de **transparencia**, en canto á oportunidade que supón para dar a coñecer aos operadores económicos cales son as necesidades institucionais que se pretenden cubrir mediante os contratos proxectados de modo que, coa debida anticipación, poidan estudar e, no seu caso, preparar as correspondentes ofertas, polo que favorece tamén a **promoción da competencia e a igualdade de oportunidades**. Unha vez iniciadas as licitacións, a transparencia seguirá acompañando á contratación pública municipal coa publicación de todos os trámites das licitacións no Perfil do Contratante do Concello, de acceso público a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Así mesmo, a existencia do Plan de Contratación permite a realización do necesario e conseguente exercicio de **avaliación e seguimento** do mesmo, de xeito que só pode mellorarse aquilo que se avalía. Como se reflicte no apartado seguinte, os anteriores plans 2020 e 2021 permitiron a aplicación, entre outras melloras, de técnicas de agregación á demanda, de análise de tempos medios de licitación ou de envío dos expedientes ao Servizo de Contratación por parte dos distintos servizos municipais.

Ao mesmo tempo, permitiu constatar que o Plan **é un instrumento vivo**, polo que ao longo do seu desenvolvemento anual xorden novas necesidades ou ben a conveniencia de reprogramar as inicialmente previstas. É por iso que no devandito documento se van introducindo todos os datos que o van configurando no seu desenvolvemento, permitindo tamén que sirva de apoio á planificación orzamentaria, debido ao seguimento anual e ao anticipado do gasto previsto para exercicios seguintes, no caso dos contratos plurianuais, xa que o plan ten en conta o valor total do contrato, o que inclúe non só o IVE, senón tamén a súa duración total coas posibles prórrogas e as modificacións previstas.

Ademais dos obxectivos xerais que se acadan con esta ferramenta, isto é, os de publicidade, transparencia, profesionalización e planificación da actividade contractual para conseguir a eficacia e a eficiencia tanto dos recursos materiais e persoais como do gasto, cómpre mencionar o **contexto** no que se aproba este plan.

Se os contextos sociais e económicos dos plans 2020 e 2021 estiveron marcados pola crise sanitaria ocasionada pola **COVID-19**, convertendo a contratación pública nunha ferramenta das moitas que se artellaron para conseguir minimizar ou aliviar o escenario económico e social, o contexto actual vén, sen dúbida, marcado polo Plan de Recuperación aprobado polo Consello Europeo o 21 de xullo de 2020. Este plan inclúe o instrumento de recuperación **“Next Generation EU”** (750.000 millóns de euros), concibido como un instrumento temporal de



recuperación para a reparación dos danos económicos e sociais máis inmediatos causados pola pandemia, que aspira a conseguir unha Europa máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e máis adaptada aos novos retos.

Os dous instrumentos de maior volume do “Next Generation” son:

*O Mecanismo para a recuperación e a resiliencia (MRR), que constitúe o núcleo central. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, ao tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE. Dentro do MRR, España recibirá aproximadamente 140.000 millóns de euros (60.000 corresponden a transferencias non reembolsables e 80.000 a préstamos).

* O fondo REACT-EU, que opera como un fondo estrutural, pero con máis flexibilidade e axilidade na súa execución. Este fondo promoverá a recuperación ecolóxica, dixital e resiliente da economía, recibindo España para a súa execución no período 2021-2022 12.000 millóns de euros. O seu obxectivo é compensar o impacto económico da pandemia a curto prazo e na súa maioría será executados polas Comunidades Autónomas.

Os fondos Next Generation EU se canalizarán, especialmente nos a período 2021-2023 e para a súa distribución, os estados membros deben presentar plans nacionais de recuperación e resiliencia. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España publicouse no BOE do 30.04.2021 e articula como centro da súa estratexia catro eixes fundamentais:

- A) a transición ecolóxica
- B) a transformación dixital
- C) a igualdade de xénero
- D) a cohesión social e territorial.

Á súa vez, todos eses eixes orientan dez “*políticas panca*” para artellar un crecemento intelixente, sostible e inclusivo.

O Consello Europeo entende neste contexto a contratación pública como instrumento esencial para a recuperación e a reactivación económica (2020/C 412 I/01, de 30 de novembro de 2020), e insta aos estados membros á súa racionalización e maior eficiencia para facer fronte a futuras crises. Neste marco, apróbase o **Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro**, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da administración pública e para a execución do PRTR. O Real decreto lei incorpora medidas de axilización para o impulso da actividade contractual, que implica ás administracións públicas cara á mobilización dun volume moi cuantioso de recursos para a consecución de novos modelos de crecemento económico, dixital, inclusivo, verde e social.

O RDL realiza modificacións e simplificacións normativas no ámbito contractual ante a urxente necesidade de comprometer o volume global asignado a España de 140.000 millóns de euros ata 2026, dos que 72.000 millóns deben quedar comprometidos entre 2021 e 2023. Así, entre outras, prevé a ampliación dos supostos de aplicación do procedemento simplificado ordinario e do abreviado, particularidades para a tramitación urxente dos contratos a financiar con estes fondos, redución de prazos, cambios relativos ao período de recuperación do investimento nas concesións de obras ou servizos, e unha regulación excepcional do recurso especial en materia de contratación.



Se nun contexto de maior estabilidade a contratación pública alcanza valores económicos próximos ao 20% do PIB anual, no escenario actual a contratación pública é fundamental nos plans e medidas que todas as administracións arbitren no futuro máis inmediato como instrumento clave para a reactivación económica e a xeración de emprego. Polo exposto, os plans de contratación dos anos 2022 e 2023, como xa sucedeu no 2021, virán marcados por importantes licitacións cofinanciadas por estes fondos en atención aos proxectos que presenten as diferentes cidades, concellos e autonomías, e que deberán, ao tempo, permitir acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda Urbana 2030.

Non obstante, tendo en conta que o plan é un documento programático e de mera previsión, en tanto que recolle datos de carácter estimativo e non vinculantes, e dado o contexto económico actual de suba de prezos e do conflito bélico existente, é probable que algunhas destas estimacións se vexan reforzadas ou moduladas, co fin de adaptarse á conxuntura que se precise en cada momento.

2.- CONTIDO DO III PLAN DE CONTRATACIÓN PARA O ANO 2022 E PRINCIPAIS DATOS AGREGADOS. ESTADO DE EXECUCIÓN ACTUAL. ESTADO DE EXECUCIÓN DO II PLAN 2021.

As previsións do III Plan de Contratación do Concello da Coruña para o ano 2022 recollen un total de 244 contratos cun valor total de 211.075.214,86 €.

Destes 244 contratos, 139 corresponden a novas licitacións previstas para o 2022, mentres que 57 proveñen de licitacións non tramitadas correspondentes ao Plan 2021 e 48 que proveñen do Plan 2020, que se considera preciso realizar no ano en curso e que non tiveron lugar, ben por reformulación de obxectivos derivados da crise sanitaria da COVID-19, que obrigou á reorientación das políticas e do gasto público, ben por agruparse prestacións similares en contratos máis amplos para o conxunto da organización, ben por reformulación do proxecto ou do obxecto contractual. Un exemplo do sinalado foron os dous PRESCO (Plan de Recuperación Económica e Social do Concello da Coruña), con diversas medidas de axudas a pequenas empresas e autónomos, persoas en situación de vulnerabilidade social e necesidades de transformación dixital que obrigaron a realizar as modificacións orzamentarias precisas e a reorientar as políticas de gasto.

Contrasta este dato numérico do total de contratos a licitar co volume de licitacións que incluían os dous plans anteriores de xeito inicial. Pero interesa evidenciar a aprendizaxe na planificación por parte dos servizos municipais, así como o labor de seguimento e avaliación dos plans, que permitiu transmitir aos servizos os fitos das licitacións en curso e pendentes cada ano. Tamén cómpre destacar o esforzo levado a cabo nos dous últimos anos –como logo se analizará máis polo miúdo– en agrupacións contractuais de prestacións similares financiadas con aplicacións orzamentarias de diferentes servizos, o que posibilitou a redución de licitacións, a homoxeneidade nos estudos de custes, nas condicións salariais e laborais, nas cláusulas sociais e ambientais e, en xeral, un réxime xurídico uniforme para prestacións contractuais similares antes dispersas.

O III Plan de Contratación reflicte toda a contratación que xa se desenvolve desde o 1 de xaneiro de 2022 e a que se pretende desenvolver ata o 31 de decembro de 2022, polo que á data 9 de xuño de 2022 constan xa publicados no perfil do contratante do Concello e, en prazo de presentación de ofertas, 47 licitacións, que suman un valor total de 39.300.562,46 € e representan xa a publicación do 18,62% do valor total do plan.



Así mesmo, constan **xa enviados** polos servizos municipais **para a súa tramitación por parte do Servizo de Contratación 100 contratos** do plan, que amosan un indicador destacable, que é o **do 40,98% do total de contratos do plan**, e un valor total en euros de preto do **75,38% do valor total do plan**, cando esta cifra era acadada normalmente a finais de cada ano de desenvolvemento dos plans anteriores.

Esta peculiaridade en 2022 vén dada pola urxente necesidade de licitar os **19 contratos** que van ou ben que poden chegar a ser cofinanciados polos Fondos europeos **Next Generation**, así como polos **14 contratos da estratexia urbana EIDUS**, cofinanciada tamén polos fondos comunitarios, así como consecuencia do traballo realizado o ano anterior en proxectos de obras e servizos complexos e de importante valor (non se sumou ao importe do plan o valor do contrato de préstamo para financiamento dos investimentos incluídos no orzamento 2022 por importe de 21.534.645,22 €, xa que, tendo en conta a súa duración e a repercusión anual podería provocar distorsións nos valores e cálculos de indicadores de execución e seguimento).

A esta axilidade no rápido desenvolvemento polos servizos dos proxectos enviados a tramitación contribuíu tamén a modificación do procedemento de tramitación anticipada da Base 5ª, apartado III, das de execución do Orzamento 2022 para acelerar, especialmente, a tramitación de contratos susceptibles de cofinanciamento por fondos europeos ou financiados con préstamo.

Pero como queira que o plan é un instrumento planificador e de carácter dinámico, **desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 9 de xuño de 2022** adxudicáronse tamén **31 contratos do Plan 2021**, dun total de 48 que constaban publicados no Perfil do contratante pero en trámite de avaliación a 31 de decembro de 2021, cun importe de **44.547.281,94 €** de valor total, e 2 foron declarados desertos.

Interesa destacar do Plan 2022 os **46 contratos** previstos suxeitos á **regulación harmonizada e que representan o 74,49% do valor total do plan**. A publicación no Diario Oficial da Unión Europea dos anuncios previos de contratación destes contratos permitirá cumprir coa finalidade do plan e reducir os prazos de tramitación dos mesmos, como sucede co de xestión de escolas infantís, cuxo anuncio previo enviouse ao DOUE o pasado 11 de marzo.

No cálculo do valor total inclúese a previsión de todos aqueles gastos nos que poida incurrir o Concello ao longo da vida do contrato, isto é, o valor anual xunto co das posibles prórrogas, modificacións previstas nos pregos e o IVE.

Non inclúe contratos menores; nin concesións de dominio público; nin os sistemas de autoprovisión con medios propios; así como tampouco a previsión da actividade contractual do sector público institucional do Concello.

Pola súa propia natureza, tampouco inclúe as contratacións de emerxencia tramitadas para atender de xeito inmediato e de forma áxil as necesidades municipais excepcionais de adquisición de bens e servizos.

Así mesmo, non todos os contratos do plan supoñen gasto para o Concello, xa que tamén se recollen **5 licitacións que xerarán futuros ingresos municipais**, como o de xestión do servizo de retirada, transporte e eliminación de vehículos abandonados e, ao final da súa vida útil, as concesións da cantina do Aquarium e do restaurante da Domus, a poxa de ferralla do Centro municipal de emprego, ou a xestión da explotación do complexo deportivo de San Diego.



PRINCIPAIS DATOS DO III PLAN DE CONTRATACIÓN PARA O ANO 2022

Sen prexuízo de remarcar o carácter estimativo deste Plan 2022, en canto que poderán licitarse con posterioridade á súa aprobación contratacións non incluídas no mesmo e que se consideren necesarias para o cumprimento das atribucións de competencias do Concello, ou ben non licitarse algunhas das xa incluídas, as principais magnitudes agregadas que resultan son as seguintes:

POR DIRECCIÓN DE ÁREA	Nº Contratos	VALOR TOTAL (IVE incluído)
CULTURA		
Bibliotecas	7	678.203,11
Cultura	8	3.056.154,43
Museos Científicos	14	808.084,04
DEPORTES		
Deportes	13	3.158.860,94
ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR		
Facenda	1	720.000,00
Innovación	2	123.999,99
Interior	8	2.409.232,02
Informática	10	6.009.498,16
Recursos Humanos	1	35.750,00
EDUCACIÓN E MEMORIA HISTÓRICA		
Educación	13	22.830.649,63
URBANISMO		
Urbanismo	4	1.006.817,94
Rehabilitación e Vivenda	7	15.690.348,82
INNOVACIÓN, EMPREGO E COMERCIO		
Emprego e Empresa	26	15.583.096,03
INTERVENCIÓN XERAL		
Intervención	1	500.000,00
SEGURIDADE CIDADÁ		
Bombeiros	12	3.143.665,77
Protección Civil	3	44.201,08
Policía Local	7	208.400,00
COORDINACIÓN XERAL MUNICIPAL (Alcaldía)		
Coordinación Xeral Municipal	1	27.198,18
IGUALDADE, BENESTAR SOCIAL E PARTICIPACIÓN		
Servizos Sociais	23	61.417.907,26
Participación Cidadá	7	1.269.565,14
Igualdade	7	1.823.356,41
MEDIO AMBIENTE E SUSTENTABILIDADE		
Medio Ambiente	11	12.808.139,54



TESOUREIRÍA XERAL

Tesoureiría Xeral	1	
Recadación	2	224.000,00
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE		
Edificación	3	7.093.868,84
Mobilidade urbana	19	28.422.157,50
Infraestruturas	33	21.982.060,03
Total	244	211.075.214,86

POR TIPO DE CONTRATO	Nº Contratos	VALOR TOTAL (IVE incluído)
Concesión de Servizos Mixto (Subministración/Obra)	3	0,00
Mixto (Subministración/Servizo)	3	1.029.337,96
Mixto (Subministración/Servizo/Obra)	3	331.327,40
Obras Privado	2	3.785.240,18
Servizos	64	60.007.791,20
Subministracións	6	352.342,36
	134	131.412.024,24
	29	14.157.151,52
Total general	244	211.075.214,86

NOTA: como xa se sinalou, nos contratos privados non se inclúe o importe do contrato de préstamo para o financiamento das inversións previstas no anexo de inversión do Orzamento 2022.

POR PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN	Nº Contratos	VALOR TOTAL (IVE incluído)
ABERTO	107	181.328.090,66
ABREVIADO	48	1.202.744,40
CONCURSO DE IDEAS	1	300.000,00
NEGOCIADO CON PUBLICIDADE	1	634.316,22
NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE	12	1.271.325,25
SIMPLIFICADO	75	26.338.738,33
Total	244	211.075.214,86



POR HARMONIZADOS	Nº CONTRATOS	VALOR TOTAL (IVE Incluído)
Obras	2	19.779.411,63
Servizos	32	121.438.961,95
Subministracións	9	11.588.855,93
Mixto (Subministración/ Obra)	1	655.105,88
Mixto (Subministración/ Servizo/Obra)	2	3.785.240,18
Total	46	157.247.575,57

ESTADO DE EXECUCIÓN DO PLAN 2021 A 9.06.2022

O plan publicouse no Perfil do contratante e na web de transparencia do Concello o 28.04.2021 e continúa unha previsión inicial de 320 contratos e rematou a 31 de decembro con **309 contratos**.

Destes 309 contratos, 134 proviñan do Plan 2020 e 175 correspondían ás novas previsións para o ano 2021.

Deste xeito, o **valor total** do plan a 31.12.2021 pasou de 248.969.236,00 € a **336.808.298,33 €**.

Esta cifra final é o resultado **do carácter dinámico do plan**, en tanto que **documento vivo** que inicia a súa andadura coa súa aprobación, pero que vai modulándose e completándose ao longo non só do mesmo ano, senón tamén do seguinte, tendo en conta a duración dos procedementos de contratación, así como que non todos os contratos son enviados a tramitar nas mesmas datas, xa que iso depende tanto da planificación de cada servizo municipal, como da data de vencemento dos contratos anteriores, e sen prexuízo de que unha vez publicados poden quedar sometidos a vicisitudes técnico-legais que poden retardar o proceso de adxudicación.

Así, estes 309 contratos son o resultado da suma de 33 novas licitacións non incluídas inicialmente no plan, pero tamén da baixa doutros 44 contratos como consecuencia fundamentalmente de:

-Incorporación de contratos como prestacións de **contratos agregados** que agrupan prestacións de contido similar de varios servizos municipais. Exemplos disto son o contrato de limpeza de dependencias municipais que aglutina ata 8 contratos de limpeza do plan; ou o contrato da plataforma de servizos dixitais do Concello que aglutinou licitacións relacionadas con distintas aplicacións dixitais de servizos municipais; tamén o do servizo de comunicacións, que incluíu o de soporte da rede de datos corporativa.

-Outros contratos relacionados co mantemento de ascensores, aparatos de climatización e calefacción agrúpanse en contratos de mantemento de edificios que se licitarán en 2022 (exemplo o do mantemento do Servizo de Urbanismo).

-A tendencia dos contratos agrupados iniciada en 2021 permite unha maior racionalización do gasto e unha maior eficiencia na contratación ao rexer no contrato as mesmas prescricións e obrigas así como a homologación de custes.



-Outros exemplos destas agrupacións en 2021 foron o contrato de máquinas expendedoras de bebidas, ou o de seguros municipais, o de conservación e mantemento dos xacementos arqueolóxicos de titularidade municipal (que inclúe o Castro de Elviña que xestiona Cultura, a Torre de Hércules que xestiona Turismo e o resto de xacementos que xestiona Infraestruturas), así como o contrato mixto de subministración/servizo do servizo integral do alumado público financiado polo IDAE, que incorpora a subministración da enerxía eléctrica para ao alumado público ademais da renovación de luminarias, instalación de cadros de mando, telexestión, mantemento, etcétera.

-Solución vía contrato menor dalgunhas prestacións a contratar incluídas no plan.

-Reformulación e novo estudo dalgunhas licitacións cara 2022 (por exemplo, o Observatorio Urbano-Observatorio Municipal de Igualdade e Diversidade da Coruña, cofinanciado con fondos EIDUS).

Interesa subliñar que todas as desistencias, agás dúas, foron licitadas de novo ou incluídas en contratos agrupados (como, por exemplo, o de subministración de enerxía eléctrica para o alumado público) e houbo un único expediente de resolución dun contrato xa adxudicado.

No Plan 2021 figuraban tamén dous contratos reservados. Un reservado para Centros Especiais de Emprego e/ou empresas de inserción (o lote 9 do contrato agrupado de limpeza das dependencias municipais por importe total para os 5 anos máximos de duración do contrato de 374.150,4 €) e outro reservado a entidades de iniciativa social (o contrato do servizo de interpretación de linguaxe de signos na actividade corporativa e institucional, cun importe total de 27.974,58. € para unha duración máxima de tres anos).

Dos contratos do Plan 2021 publicados a 31 de decembro de 2021, en fase de avaliación e pendentes de adxudicación quedaron para 2022 un total de 48 contratos, dos que xa foron adxudicados á data do 9 de xuño de 2022, como xa se sinalou, un total de 31.

Así, os **indicadores de execución** que amosa o Plan 2021 son os seguintes:

INDICADORES PLAN 2021 a 9.06.2022	
Valor total dos enviados /valor total	60,57%
Valor total dos publicados /valor total	40,52%
Valor total dos adxudicados /valor total	22,91%
Valor total aforros (adxudicación sobre tipo de licitación)	5,22%
Nº contratos enviados a tramitación/total	55,99%
Nº contratos publicados/total	47,57%
nº contratos adxudicados/total	41,64%

3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS INTERNOS



Ademais dos obxectivos xerais sinalados, este instrumento de planificación permite no conxunto da organización:

***EVITAR:**

- Tramitacións precipitadas polo apresuramento de prazos.
- Reparos de legalidade por inadecuada planificación e prestacións sen contrato, co conseguinte incremento do período medio de pago a provedores.
- A recorrencia sistemática á contratación menor propia de necesidades puntuais e urxentes que non puideron ser previstas e planificadas, que non é axeitada para prestacións de tracto sucesivo e repetitivas.
- A acumulación de expedientes no Servizo de Contratación.
- Os fraccionamentos de contratos.
- Os chamados “contratos ponte”, na medida do posible.

***FACILITAR:**

- A redución de prazos para a presentación de ofertas nos contratos suxeitos á regulación harmonizada coa publicación dos respectivos anuncios de información previa segundo o artigo 156 da LCSP, que poderían reducirse a 15 días.
- A planificación do traballo do Servizo de Contratación.
- O seguimento da execución orzamentaria.
- As técnicas de agregación para contratacións esencialmente idénticas en canto a prestacións, especialmente naquelas susceptibles de división en lotes.
- A análise das posibilidades de reservas contractuais e as técnicas de autoprovisión de bens e servizos.
- A fixación previa de criterios técnicos comúns e a implantación da necesaria disciplina planificadora nas distintas unidades de xestión.
- O seguimento e a avaliación continua con indicadores de cumprimento e execución.

*** PERMITIR** ás direccións de área e aos servizos municipais:

- Racionalizar a toma de decisións.
- Dimensionar recursos, permitindo estruturar tarefas e cargas de traballo.
- Xestionar de maneira máis efectiva, ao saber o que debemos facer en cada momento para acadar os obxectivos.
- Amosar compromiso e responsabilidade, non só coa organización, senón tamén coa cidadanía, favorecendo o posterior mecanismo de rendición de contas.



En base ás previsións efectuadas polas distintas direccións de área e polos servizos municipais, e segundo o informe proposta elaborado pola técnica de Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior, co conforme do director de Área (CSV: 1Q4R4112141I0D5L0XTN), de acordo coas competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2019 (BOP núm.124 do 03.07.2019), e coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 28.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en canto á obriga de aprobar e dar a coñecer o Plan de Contratación do Concello da Coruña para o ano 2022,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Contratación do Concello da Coruña para o ano 2022 que se achega como adxunto con esta resolución.

SEGUNDO.- Publicar o devandito Plan do Contratación no Perfil do contratante do Concello situado na Plataforma de Contratación do Sector Público e no Portal de Transparencia da web municipal.

TERCEIRO.- Encomendar á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior o envío ao Diario Oficial da Unión Europea dos anuncios de información previa aos que se refire o artigo 134 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación cos contratos harmonizados e aqueles outros que se consideren, previa conformidade emitida polo concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Encomendarlle tamén a esa Dirección o desenvolvemento operativo do Plan, a súa implantación e seguimento, propoñendo a realización das agregacións á demanda e reservas contractuais oportunas para garantir tanto a eficiencia dos recursos públicos como a dimensión social e estratéxica da contratación pública, baixo a dirección do concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior.

CUARTO.- Unha vez publicado o Plan de Contratación, para que o Servizo de Contratación poida atender propostas de prolongación de servizos de tracto sucesivo que finalizasen a súa vixencia, incluídas as súas prórrogas, sen un novo contrato que as suceda, será necesario informe motivado que deberá estar asinado pola persoa titular da dirección de área, ou servizo no seu caso, e pola concelleira ou concelleiro respectiva/o. Nese informe se sinalarán as causas polas que, a pesares da planificación previa non se puido contratar, sen solución de continuidade, o novo contrato. Exceptúanse os supostos derivados de acontecementos imprevisibles que sinala o último parágrafo do artigo 29.4 da LCSP ou daqueles cun custo relevante de man de obra.

QUINTO.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata que se celebre, así como ás direccións de área e ás xefaturas de servizo para a súa difusión no conxunto da organización municipal.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior
(P.D. dos Acordos da XGL de 28.06.2019. BOP do 3.07.2019)



PLAN DE CONTRATACIÓN 2022

CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

SERVIZO	TIPO	DENOMINACIÓN	CPV	HARMONIZADO	Nº HARMONIZADOS	PROCEDEMENTO	Nº LOTES	VALOR ANUAL (IVE incluído)	VALOR TOTAL (IVE incluído)	DURACIÓN (en meses)	PRÓRROGAS (en meses)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
COORDINACIÓN XERAL MUNICIPAL (Alcaldía)												
Coordinación Xeral Municipal	Servizos	IMPRESIÓN, ENSOBRADO E ENVÍO DUNHA CARTA DA ALCALDESA EN LINGUA GALEGA ÁS NENAS E NENOS CON MOTIVO DA VISITA DOS REIS MAGOS	79342200-5 79824000-6			ABREVIADO		13.599,09	27.198,18	12	12	10.334.226.20
DIRECCIÓN DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR												
Informática	Servizos	MANTEMENTO DO DISPOSITIVO DE SOFTWARE DE CONSIGNA AUTOMÁTICA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES	72200000-7			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		4.356,00	8.712,00	12	12	20.926.227.99
Informática	Servizos	SERVIZOS DE XESTIÓN DE INFRAESTRUTURAS INFORMÁTICAS (Serv. Tecnoloxía da información; Servizos de xestión de instalacións informáticas; Servizos de xestión de instalacións para mantemento de sistemas informáticos) COFINANCIADAS POLO PRTR.FONDOS NEXT GENERATION	72222300 72514000-1 72514300-4	SI	1	ABERTO		800.000,00	4.000.000,00	60		20.926.227.99
Informática	Servizos	ARRENDAMIENTO SISTEMA INTEGRAL IMPRESIÓN PAGO POR COPIA Y ARRENDAMIENTO ORDENADORES	30120000-6 30200000-1	SI	1	ABERTO	2	290.000,00	1.160.000,00	48		20.926.206.00
Informática	Servizos	SOPORTE INFORMÁTICO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN VIARIA E AMBIENTAL (SIVA)	72514300-4			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		18.000,00	72.000,00	24	24	20.926.227.99
Informática	Servizos	MANTEMENTO E SOPORTE INTEGRAL DO SOFTWARE ESRI	72200000-7	SI	1	NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		76.000,00	380.000,00	36	24	20.926.227.99
Informática	Servizos	MANTEMENTO PLATAFORMA POLICIAL EUROCOOP	30211300-4	SI	1	NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		95.000,00	285.000,00	24	12	20.926.227.99
Informática	Servizos	SOPORTE INTEGRAL DO SISTEMA DE XESTIÓN DE ACCIDENTES E ATESTADOS	72514300-4			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		8.000,00	48.000,00	48	24	20.926.227.99
Informática	Servizos	SOPORTE E MANTEMENTO DA PLATAFORMA CIF-KM	72514300-4			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		3.216,72	9.650,16	24	12	20.926.227.99
Informática	Servizos	SOPORTE INTEGRAL APLICACIÓN SSG (SISTEMA XESTIÓN DE FORMACIÓN) Y SRP (SISTEMA RESERVA DE POSTOS)	72267100-0			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		7.260,00	26.136,00	12	24	20.926.227.99
Informática	Servizos	SOPORTE INTEGRAL DA APLICACIÓN SÉNECA XS	72200000-7			NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		5.000,00	20.000,00	24	24	20.926.227.99
Innovación	Servizos	XESTIÓN DA CARTEIRA DE DOMINIOS DE INTERNET NO CONCELLO DA CORUÑA	72610000-9 72417000-6			SIMPLIFICADO		5.000,00	23.999,99	24	24	20.491.227.06
Innovación	Servizos	SISTEMA DE AVISOS, QUEIXAS, SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS (EIDUS)	72000000-5			ABERTO		50.000,00	100.000,00	24		20.491.641.02
Recursos Humanos	Servizos	MANTEMENTO DOS DESFRIBILADORES EXTERNOS SEMIAUTOMÁTICOS (DESA) UBICADOS EN DISTINTAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS	50420000-5			ABREVIADO		7.150,00	35.750,00	12	48	20.920.221.99
Facenda	Servizos	SERVIZOS EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL	71354300-7	SI	1	ABERTO		180.000,00	720.000,00	24	24	20.931.22706
Interior	Obras	REFORMA OFICINA REXISTRO E ARQUIVO DO PAZO DE MARÍA PITA	45212350-4 45300000-0 45323000-7 45331210-1 42512300-1			SIMPLIFICADO		922.098,11	922.098,11	6		20.920.62700
Interior	Servizos	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS PARA FUNCIONAMENTO FÓRUM METROPOLITANO	98341120 98341130 79992000	SI	1	ABERTO		178.796,02	536.388,06	24	12	20.933.227.01
Interior	Servizos	MANTEMENTO RELOXOS MUNICIPAIS	50432000-2			SIMPLIFICADO		24.000,00	72.000,00	24	12	20.920.227.99
Interior	Servizos	INSTALACIÓN BELÉN ARTÍSTICO	92500000 920000001 92312230-2 92521210-4 92500000-6			ABREVIADO		6.000,00	24.000,00	24	24	20.920.227.99
Interior	Servizos	CONSERVACIÓN E MANTEMENTO GRUPOS ELECTRÓXENOS DO PAZO MUNICIPAL E DO FÓRUM METROPOLITANO	45259000-7 50000000-5 50324200-4 50800000-3 50116100-2 51111000-3			ABREVIADO		5.349,17	26.745,85	24	36	20.920.227.99
Interior	Servizos	MANTEMENTO DE ASCENSORES	50750000-7			ABREVIADO		6.000,00	18.000,00	24	12	20.920.227.99

* O campo VALOR ANUAL inclúe o IVE

**O campo de VALOR TOTAL inclúe o valor do contrato en toda a súa duración + prórrogas+ modificacións previstas+ IVE

*** Expresada en meses

SERVIZO	TIPO	DENOMINACIÓN	CPV	HARMONIZADO	Nº HARMONIZADOS	PROCEDEMENTO	Nº LOTES	VALOR ANUAL (IVE incluido)	VALOR TOTAL (IVE incluido)	DURACIÓN (en meses)	PRÓRROGAS (en meses)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Interior	Subministracións	GAS PARA AS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DA CORUÑA	09123000-7	SI	1	ABERTO		300.000,00	600.000,00	12	12	51.2311.221.02 51.231.221.02 30.1522.221.02 52.342.221.02 60.241.221.02 50.3331.221.02 20.9321.221.02
Interior	Subministracións	PAPEL, SOBRES E MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO	30192000-1			ABERTO		105.000,00	210.000,00	12	12	
INTERVENCIÓN XERAL												
Intervención	Servizos	AUDITORÍAS CONTAS ANUAIS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO DO DONCELLO DA CORUÑA E ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS	792121003 792121004	SI	1	ABERTO	4	100.000,00	500.000,00	12	48	20.931.22706
TESOUREIRÍA XERAL												
Recadación	Servizos	SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE, CUSTODIA E PROCESADO DO EFECTIVO DA CAIXA MUNICIPAL E DOS MUSEOS CIENTÍFICOS	79710000-0 79713000-0			ABERTO	2	42.000,00	84.000,00	12	12	20.931.227.99
Recadación	Privado	SERVIZOS BANCARIOS RELATIVOS Á INSTALACIÓN DE TERMINAIS DE PUNTO DE VENTA (TPV) EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E DUN TPV VIRTUAL PARA PAGOS POR MEDIOS TELÉMATICOS	66110000 66650000			ABERTO		35.000,00	140.000,00	24	24	30.931.227.08
Tesoureiría Xeral	Privado	PRÉSTAMO, CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO, PARA FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS INCLUIDOS NO ORZAMENTO 2022: 21.534.645,22 €	66113000-5			ABERTO	2	Custo Total Máximo (CTM): Variable referenciada a Euribor a 3 meses+0,5363% (segundo Resolución do BOE 7.05.2022)		144		20.011.310.00 20.011.913.00
DIRECCIÓN DA ÁREA DE CULTURA												
Museos Científicos	Servizos	INSPECCIÓN LEGAL DA INSTALACIÓN CONTRAINCENDIOS	71631000-0			ABREVIADO		2.900,00	8.700,00	36	24	50.3331.213.00
Museos Científicos	Servizos	RENTING FURGONETA AQUARIUM	34100000-8			ABREVIADO		11.708,93	35.126,76	36	24	50.3331.204.00
Museos Científicos	Servizos	RECOLLIDA RESIDUOS PERIGOSOS AQUARIUM	14930000-9 19640000-4 45232470-7 90512000-9 90513500-1 90520000-8 90524000-6 90524300-9 71600000-4			ABREVIADO	3	4.600,00	23.000,00	36	24	50.3331.227.06
Museos Científicos	Servizos	ANALÍTICAS AGUA AQUARIUM	71620000-0 79723000-8 85111820-4			ABREVIADO	3	1.800,00	9.000,00	36	24	50.3331.227.06
Museos Científicos	Servizos	MANTEMENTO COMPRESOR DE AIRE AQUARIUM	50531300-9			ABREVIADO		6.000,00	30.000,00	36	24	50.3331.227.06
Museos Científicos	Servizos	MANTEMENTO LIÑAS DE VIDA MC2				ABREVIADO		500,00	2.500,00	36	24	50.3331.227.06
Museos Científicos	Servizos	MANTEMENTO EQUIPOS ANTI-INCENDIOS	50413100-4			ABREVIADO		2.000,00	10.000,00	36	24	50.3331.213.00
Museos Científicos	Servizos	MANTEMENTO PARARAIS	31216100-4			ABREVIADO		150,00	600,00	36	12	50.3331.213.00
Museos Científicos	Servizos	RENOVACIÓN LICENZAS SOFTWARE MC2	48218000-9			ABREVIADO	2	3.500,00	17.500,00	36	24	50.3331.641.00
Museos Científicos	Servizos	CONTROL DE PLAGAS MC2	90922000-6 90923000-3 90924000-0			ABREVIADO		250,00	1.250,00	36	24	50.3331.227.06
Museos Científicos	Servizos	IMPRESIÓN DE ENTRADAS E FOLLETOS PARA MC2	79810000-5			ABREVIADO	2	10.203,64	20.407,28	24		50.3331.220.00
Museos Científicos	Concesión de Servizos	CONCESIÓN CANTINA AQUARIUM	5530000-3 5533000-2 5551000-8			ABERTO			Sen gasto para o Concello	120	24	
Museos Científicos	Concesión de Servizos	CONCESIÓN RESTAURANTE DOMUS	5530000-3 5533000-2 5551000-8			ABERTO			Sen gasto para o Concello			
Museos Científicos	Subministracións	ALIMENTO PARA COLECCIÓN BIOLÓXICA AQUARIUM	15200000-0 15221000-3			ABERTO	2	216.666,67	650.000,00	24	12	50.3331.221.13
Cultura	Obras	OBRA REHABILITACIÓN CUBIERTA TEATRO ROSALÍA				SIMPLIFICADO		230.000,00	230.000,00			10.334.632.00
Cultura	Obras	OBRA REHABILITACIÓN 1º CASA PICASSO				SIMPLIFICADO		116.354,43	116.354,43	3		10.334.632.00
Cultura	Obras	OBRA REHABILITACIÓN CLIMATIZACIÓN CUARTEL MACANAZ				SIMPLIFICADO			862.000,00	24		10.334.632.00
Cultura	Obras	PECHE DAS SONDEXES REALIZADAS EN 2002 NO CASTRO DE ELVIÑA	45112710-5			SIMPLIFICADO		260.000,00	260.000,00	4	0	10.336.627.00

* O campo VALOR ANUAL inclúe o IVE

**O campo de VALOR TOTAL inclúe o valor do contrato en toda a súa duración + prórrogas+ modificacións previstas+ IVE

*** Expresada en meses

SERVIZO	TIPO	DENOMINACIÓN	CPV	HARMONIZADO	Nº HARMONIZADOS	PROCEDEMENTO	Nº LOTES	VALOR ANUAL (IVE incluido)	VALOR TOTAL (IVE incluido)	DURACIÓN (en meses)	PRÓRROGAS (en meses)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Cultura	Servizos	CONTRATO CONSERXEIRÍA ÁGORA	98341130-5			ABERTO		180.000,00	360.000,00	12	12	10.334.227.01
Cultura	Servizos	VISTAS GUIADAS, OBRADORIOS E ACTIVIDADES LÚDICAS NAS CASAS MUSEO QUE INCLÚE O SERVIZO DE CONSERXEIRÍA	92000000-1			ABERTO		200.000,00	1.000.000,00	24	36	10.334.227.99
Cultura	Subministracións	ESCULTURA DE MIGUEL COUTO				NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE		52.800,00	52.800,00	3		10.333.685.00
Cultura	Mixto (Subministración/ Servizo)	CATÁLOGOS E FOLLETOS DE EXPOSICIÓNS (IMPRESIÓN, ENCADERNACIÓN E TRANSPORTE)	22110000-1 79800000-2			ABERTO	4	35.000,00	175.000,00	12	48	10.333.226.00
Bibliotecas	Privado	ALUGUER BIBLIOTECA SAGRADA FAMILIA				ABERTO		40.114,12	120.342,36	36	300	10.3321.202.03
Bibliotecas	Servizos	DESEÑO E EXECUCIÓN DISTINTAS ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A REDE DE BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA CORUÑA (BMC)	80000000-4			ABERTO		49.510,22	198.040,88	12	48	10.3321.226.09
Bibliotecas	Servizos	CONTRATO DE ESPAÑOL PARA PERSOAS ESTRANXEIRAS NAS BBILIOTECAS SAGRADA FAMILIA E ÁGORA	80000000-4			SIMPLIFICADO		22.172,91	88.691,64	24	24	10.3321.226.06
Bibliotecas	Servizos	MANTEMENTO DO ASCENSOR DA BIBLIOTECA CASTRILLÓN	50750000 - 7			SIMPLIFICADO		1.059,30	4.237,20	12	36	10.3321.227.99
Bibliotecas	Servizos	MANTEMENTO DO SISTEMA DE ANTIRROUBO, ANTIFURTO E CCTV VIDEOVIXILANCIA NAS BIBLIOTECAS	35125300-0 31625300-6			ABREVIADO		2.578,57	10.314,29	24	24	10.3321.227.99
Bibliotecas	Servizos	MANTEMENTO DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN NAS BIBLIOTECAS	50730000-1			ABERTO		12.694,18	50.776,74	24	24	10.3321.227.99
Bibliotecas	Subministracións	ACORDO MARCO PARA SUBMINISTRACIÓN FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	22113000-5 32321300-2			ABERTO	5	102.900,00	205.800,00	12	12	10.3321.220.01

DIRECCIÓN DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

INFRAESTRUTURAS	Obras	APARCAMENTO PÚBLICO DO PARQUE ADOLFO SUÁREZ	45223300-9 45112000-5 45233222-1			SIMPLIFICADO		578.385,06	578.385,06	6		30.1532.609.07 2022.3.30.1
INFRAESTRUTURAS	Obras	REMODELACIÓN DOS CRUCES DAS RÚAS RAMÓN Y CAJAL E AVENIDA DO EXÉRCITO-GLORIETA COFINANCIADAS POLO PRTR.FONDOS NEXT GENERATION	45233252-0			SIMPLIFICADO		542.836,76	542.836,76	6		30.1532.609.07 2019.2.30.1 30.1532.609.07 2019.2.30.1
INFRAESTRUTURAS	Obras	REURBANIZACIÓN DA AVENIDA FERNÁNDEZ LATORRE (ENTRE A GLORIETA DE RAMÓN Y CAJAL E A RÚA PUGA E PARGA), OBRAS COFINANCIADAS POLO PRTR. FONDOS NEXT GENERATION	45233252-0			SIMPLIFICADO		761.510,71	761.510,71	7		30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	REMODELACIÓN DA RÚA RAMÓN CABANILLAS, OBRAS COFINANCIADAS POLO PRTR. FONDOS NEXT GENERATION	45233252-0			SIMPLIFICADO		923.884,53	923.884,53	7		30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	RONDA PEONIL TRAMO CENTRO COMERCIAL CATRO CAMIÑOS, COFINANCIADA POLO PRTR. FONDOS NEXT GENERATION	45233252-0			SIMPLIFICADO		960.903,05	960.903,05	5		30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	SANEAMENTO NA RÚA TORINO (POS+2022)	45232410-9			SIMPLIFICADO		110.530,95	110.530,95	2	0	30.160.629.00
INFRAESTRUTURAS	Obras	GLORIETA NO CRUCE DA AVENIDA DE FINISTERRE COA RÚA GAMBRINUS	45233252-1			SIMPLIFICADO		390.575,94	390.575,94	6		30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	CONEXIÓN DOS CARRILES BICI DO PASEO MARÍTIMO E O CANTÓN PEQUEÑO (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45233252-0			SIMPLIFICADO		150.000,00	150.000,00			30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	CARRIL BICI APROVEITANDO A OBRA DE URXENCIA DA AVENIDA DE ARTEIXO CRUCE CON RONDA DE NELLE (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45233252-0			SIMPLIFICADO		150.000,00	150.000,00			30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	CARRIL BICI NOVO MESOIRO (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45233252-0			SIMPLIFICADO		150.000,00	150.000,00			30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	PASO DE PEÓNS NA AVENIDA DE ARTEIXO NO LÍMITE DOS DISTRITOS 10 E 4 (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45233252-0			SIMPLIFICADO		85.000,00	85.000,00			30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	PARQUES INFANTÍS ADAPTADOS A MENORES CON MOVILIDADE REDUCIDA EN 5 UBICACIÓNS (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45212211-8			SIMPLIFICADO		250.000,00	250.000,00			30.171.609.11
INFRAESTRUTURAS	Obras	REFORMA OU AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA SARDIÑEIRA-CENTRO CÍVICO OS MALLS (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45212211-8			SIMPLIFICADO		100.000,00	100.000,00			30.171.609.11
INFRAESTRUTURAS	Obras	PARQUES INFANTÍS CUBERTOS (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS)	45212211-8			SIMPLIFICADO		250.000,00	250.000,00			30.171.609.11

* O campo VALOR ANUAL inclúe o IVE

**O campo de VALOR TOTAL inclúe o valor do contrato en toda a súa duración + prórrogas+ modificacións previstas+ IVE

*** Expresada en meses

SERVIZO	TIPO	DENOMINACIÓN	CPV	HARMONIZADO	Nº HARMONIZADOS	PROCEDEMENTO	Nº LOTES	VALOR ANUAL (IVE incluído)	VALOR TOTAL (IVE incluído)	DURACIÓN (en meses)	PRÓRROGAS (en meses)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
INFRAESTRUTURAS	Obras	EXECUCIÓN DE GLORIETA EN AS RAÑAS	45233252-0			SIMPLIFICADO		342.299,93	342.299,93	6		30.160.629.00
INFRAESTRUTURAS	Obras	MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA PRAZA DOS CASTAÑOS	45233252-0			SIMPLIFICADO		206.150,73	206.150,73	3		30.1532.609.07
INFRAESTRUTURAS	Obras	OBRAS DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NO CRUCE RÚA BERGONDO/AVDA. CASANOVA DE EIRÍS (ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2019)	45233252-0			ABREVIADO		95.000,00	95.000,00	3		30.1532.609.07 (2020.2.30.16)
INFRAESTRUTURAS	Obras	NOVA ZONA DE OCIO URBANO NO BARRIO DE XUXÁN	45212211-8			SIMPLIFICADO		598.749,55	598.749,55	6		30.1532.609.07 (2020.2.30.16)
INFRAESTRUTURAS	Obras	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO ITINERARIO ENTRE AVDA PERULEIRO E RUA BARCELONA	45233252-0			SIMPLIFICADO		609.290,36	609.290,36	9		30.1532.609.07
